

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DE DATA 20 DE XUÑO DE 2023 EN RELACIÓN CO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE OPERARIO/A DE LIMPEZA DO PROCESO EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE LALÍN (PONTEVEDRA).

EXPEDIENTE: 2064/2022

En data 20 de xuño de 2023 e sendo as 09:30 horas, reúnese de maneira presencial, o Tribunal Cualificador do Proceso Excepcional de Estabilización de Emprego Temporal do Concello de Lalín, convocado para a cobertura de 5 prazas de Operario/a de Limpeza (4 a xornada parcial do 50% e 1 a xornada completa) para o ingreso por Concurso-Oposición.

Baixo a presidencia de Don Manuel Carramal Silva; e coa asistencia dos vogais: Antonio Santos Guerra, Isabel Areán González e Milagros Vázquez García ; actuando como Secretario, Román Pérez García, **quen dá fe do acto.**

Como persoal colaborador Alba Louzao Rodríguez.

Enténdese constituído o tribunal posto que existe quórum.

1.- CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL.

Na sesión celebrada en Xunta de Goberno Local na data 20/12/2022 aprobáronse as Bases que rexen os procesos extraordinarios de estabilización previstos na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, para cubrir as prazas correspondentes á Oferta de Emprego Público Extraordinario para a estabilización do emprego público temporal deste Concello

Por parte do Presidente e, trala comunicación co resto das persoas integrantes do tribunal cualificador do presente proceso selectivo, enténdese necesario ter unha reunión previa co gallo de acordar a data e lugar para a realización do exame tipo test e así, poder organizar a elaboración da fase de oposición de Operario/a de limpeza.



2.- PERSOAS CONVOCADAS PARA A PROBA TIPO TEST:

5 OPERARIO/A DE LIMPEZA (AGP) (CONCURSO OPOSICIÓN) 4 XORNADA PARCIAL 50% E 1 A XORNADA COMPLETA			
NUM	APELIDOS E NOME	DNI CRIBADO	ADMITIDO/A
1.	Ferradás García, María Teresa	***2814**	
2.	García Viana, Eva María	***3226**	*(3)
3.	Gimbutis Torres, María Elena	***8267**	
4.	González González, Raquel	***3074**	
5.	Gutiérrez Martínez, Judith	***9205**	
6.	López Fernández, Paula	***2464**	
7.	Nogueira Carral, María del Carmen	***2279**	
8.	Otero González, María Josefa	***0345**	
9.	Regidor Folgueira, Verónica	***2209**	
10.	Rodríguez Domínguez, Jesús	***4821**	

***(3)** Aínda que este punto non é causa de exclusión, non acredita o CELGA polo que, de non presentalo nos dez días hábiles que establece a base sexta de admisión de candidatos, das bases de selección, deberá realizar a proba de galego, establecida como proba na base novena.

3.- DATA E LUGAR DO EXAME

Operario/a de Limpeza

Establecer a data e o lugar da primeira proba da fase oposición (proba tipo test)

- Data: Venres 23 de Xuño do 2023
- Hora: 10:00 horas
- Lugar: Centro Deportivo Municipal “Lalín Arena”, situado na



Avenida Xosé Cuíña, s/n - 36500 - LALÍN

4.- ORGANIZACIÓN DO EXAME.

De acordo co Anexo I das bases que regulan o proceso selectivo en cuestión, a fase de oposición consta da realización dun exame tipo test de **60 preguntas (o Tribunal Cualificador determinou a elaboración de 6 preguntas adicionais de reserva, para o caso de posibles impugnacións ou reclamacións)** con catro respostas alternativas e das cales só unha é correcta.

Por outra banda, as bases de dito procedemento selectivo din que o tempo máximo de duración do exame será de 120 minutos, **establecéndose por dito Tribunal unha duración de 90 minutos para a proba tipo test de Operario/a de Limpeza.**

5- FINALIZACIÓN DA SESIÓN:

Ás 09:45 horas o Presidente da por rematada a sesión, de todo do que eu, como secretario dou fe.

